

PLANIFICACIÓN XERAL DO PLANO DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

OBXECTIVOS

Trátase dun plano cuxo obxectivo xeral é ofrecerlle ao estudantado unha persoa de referencia no centro en que estuda, que o apoie e oriente academicamente ao longo da súa traxectoria formativa na universidade.

Neste sentido, optamos por comezar a implantar o PAT nos primeiros cursos das titulacións, pola importancia que ten para o alumnado coñecer, desde os seus inicios universitarios, a existencia da figura do/a profesor/a titor/a aquí exposta.

LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN

1. Fase de inicio ou toma de contacto

Coñecido o servizo de orientación titorial por parte dos estudantado, a primeira fase no seu desenvolvemento será a toma de contacto do profesorado titor co grupo.

Unha vez coñecidos os/as estudantes matriculados/as en primeiro curso, a persoa coordinadora do PAT no centro, reunida co profesorado titor participante no PAT, distribúe o estudantado. O ideal é que a ratio non supere os seis estudantes por titor/a.

O seguinte paso será a posta en contacto profesorado titor co seu estudantado. Neste caso poden darse varias alternativas:

1. Que a coordinación do PAT no centro, ou no seu caso, o estudante mentor ou balseiro/a do contrato-programa, informe os estudantado, nas clases de primeiro sobre os/as titores/as que teñen asignados/as.
2. Se o profesorado titor tiver docencia co grupo-clase, pode avisar persoalmente o estudantado do comezo da súa acción titorial.

3. No taboleiro de anuncios das aulas, o profesorado titor pode informar e convocar o seu estudantado do programa PAT.

Para lle dar unha maior naturalidade ao proceso e crear o clima de confianza necesario sería aconsellable que:

- A primeira actividade titorial fose en grupo, deste xeito, pode ser percibida menos fiscalizadora por parte do estudantado.

- Se non houber inconveniente, por ambas as dúas partes, o ideal sería que o estudantado puidesen continuar co/a mesmo/a titor/a con que iniciaron a experiencia durante toda a súa estancia académica. Deste xeito, poderíase facer un seguimento e comprobar se varían as necesidades de orientación a medida que aumenta o seu nivel académico.

2. Temáticas que se poden traballar na actividade titorial

O guión que se ofrece é suficientemente amplo para que cada equipo de coordinadores e coordinadoras de centro ou titulación, utilizando os documentos deseñados pola coordinación universitaria, poida implementar, desenvolver e avaliar a acción titorial.

Entendemos que unha acción titorial axeitada debe centrarse, polo menos, nos seguintes aspectos:

Coñecemento do funcionamento do centro por parte do estudantado:

planificación de horarios, titorías, calendario de exames, coñecemento de actividades culturais e formativas para mellorar a titulación, situación das materias no plano de estudos, planificación e organización das prácticas na titulación, espazos suficientes para realizar titorías ou traballos académicos en grupo, funcionamento de servizos (biblioteca, reprografía, cafetería), existencia de asociacións estudantís e grao de coñecemento dos seus representantes estudantís, coñecemento do profesorado e do equipo decanal ou directivo, información do Espazo Europeo Superior etc.

Obxectivo do/a titor/a: Coñecer cal é o grao de coñecemento do estudantado sobre o funcionamento do centro, detectar puntos fortes e débiles e como estes poden estar a afectar aos procesos de ensino-aprendizaxe. Suxerir ou propor tarefas iniciais para solucionar os aspectos máis destacables.

Coñecemento do estudantado e de si mesmos: razóns da escolla da carreira universitaria, cal é o seu nivel de motivación, razóns ou problemas ao elixir as materias optativas ou de libre elección, coñecer a metodoloxía que empregan para estudar, como buscan información para completar a impartida nas clases e para facer os traballos en grupo, cales son as súas habilidades orais e escritas, cal é o grao de coñecemento da súa futura profesión, cal é a relación entre o seu nivel de dedicación e os resultados conseguidos, percepción do trato que reciben por parte do profesorado, prexuízos sobre profesorado ou materias que determinen o seu rendemento, como resollen os problemas de comprensión (pregúntanlle ao profesorado, resólvenlo entre eles, buscan a información noutras fontes bibliográficas, internet?), como elaboran memorias ou informes académicos, cales son as razóns que os/as levan a elixir os/as compoñentes do grupo para faceren os traballos, como é o seu nivel de integración no grupo, repartición de tarefas, cando se reúnen etc.

Obxectivo do/a titor/a: Proporcionar información bibliográfica complementaria, suxerir xeitos diferentes de estudar e aprender, informar de cursos de formación e actividades complementarias, ofrecer orientacións xerais sobre a elaboración de traballos, facer un seguimento seu, reflexionar conxuntamente co grupo ou co estudante individualmente sobre como está a enfocar os seu proceso de aprendizaxe, derivar as necesidades específicas que poidan observarse aos diferentes servizos que ofrece a universidade etc.

Estudantes de mestrado. Ademais dos indicadores anteriores, podemos considerar as seguintes en función de:

Se proceden dunha titulación: que aprenderon na titulación e o seu traslado á práctica, sobre que outros aspectos necesitan máis formación, solapamento de

contidos na titulación, relación do mestrado co mundo laboral, deseño e desenvolvemento das prácticas (facilitan o desenvolvemento de destrezas laborais, posibilitan a adquisición de competencias, incentivan as habilidades de comunicación e integración no contexto laboral, como se leva a cabo o seu seguimento, grao de satisfacción da experiencia, coñecemento real do centro de prácticas, atención demostrada polos/as titores/as, clarificación de funcións profesionais, etc).

Obxectivo do/a titor/a: Suxerir diferentes itinerarios profesionais en función das súas expectativas, servir de conexión co mundo laboral etc

Se proceden do contexto laboral: Utilidade e aplicabilidade dos coñecementos impartidos, conciliación da estrutura e organización do mestrado con responsabilidades laborais ou familiares, adecuación do mestrado ás esixencias do mercado e da empresa ou organización na que traballo etc.

Obxectivo do/a titor/a: mellorar o seu desenvolvemento profesional e a súa formación na empresa ou institución na que traballa.

Coñecemento da calidade docente: que metodoloxías e actividades lle parecen ao estudiantado máis interesantes para aprender e cales delas son as que reciben nas súas clases docentes, coñecemento dos criterios de avaliación e a súa coherencia cos obxectivos do programa, adecuación dos contidos á duración da materia (anual ou cuatrimestral), utilidade dos contidos impartidos para a súa capacitación como profesional, planificación das prácticas das materias, solapamento de contidos etc.

Obxectivo do/a titor/a: Suxerirlles ao centro ou aos departamentos implicados as necesidades docentes que se están a detectar na acción tutorial co fin de mellorar os procesos de ensino impartidos.

Coñecemento da acción tutorial desenvolvida: tempo dedicado ás titorías, fomento do diálogo e a participación, creación dun clima de confianza, flexibilidade na planificación da acción tutorial, proporción de absentismo do estudiantado, nivel de motivación para exercer a miña función como titor/a, nivel de coñecemento dos

servizos que lle presta esta universidade ao/á estudante, nivel de coñecemento do centro en que traballo, nivel de coñecemento pedagóxico para orientar os procesos de aprendizaxe dos meu estudantado etc.

Obxectivo do/a profesor titor/a: Reflexionar sobre a súa actividade titorial e detectar necesidades formativas para o seu desenvolvemento, canalizándoas a través do persoal coordinador do PAT no centro para poder ser derivadas ao CUFIE ou outras instancias formativas que a universidade ofrezca para tal fin.

3. METODOLOXÍA

Para o coñecemento dos indicadores anteriores, utilizaranse as fichas propias de cada etapa da acción titorial.

*Para o estudantado que se inicia por primeira vez no programa (*Ficha de iniciación, seguimento e avaliación do/a titor/a e avaliación dos estudantado titorizado*).

*Para o estudantado con experiencia no programa (*Ficha de seguimento para o profesorado, Ficha de avaliación da experiencia do profesorado e Ficha de avaliación do estudantado*).

O contido ou información dos documentos que imos abrindo para cada unha das accións titoriais realizadas dependerá de como cada profesor/a titor/a está a vivir a súa experiencia titorial e como a organizou e a planificou.

As modalidades de titoría que cómpre desenvolver serán de dous tipos: en grupo e individuais. A frecuencia na utilización dunha modalidade, ou preferencia dunha sobre a outra, dependerá da necesidade sentida en cada fase do proceso, polo estudantado e polo/a profesor/a titor/a.

Iniciada a toma de contacto co estudantado, ademais das reunións que este solicitar, o ideal sería a realización de dúas sesións de titoría máis: unha de seguimento (mediados de curso académico) e outra ao final do curso.

4. TEMPORALIZACIÓN

O primeiro contacto que se estableza co estudantado dos primeiros cursos que se inicien por primeira vez no programa, debe producirse durante o mes de novembro.

Con independencia da utilización das titorías demandadas polo estudantado, farase unha titoría de seguimento unha vez finalizado o primeiro cuatrimestre (marzo) e outra, antes do comezo dos exames finais (maio). Nesta última reunión, ao estudantado de primeiro entregaráselle a *Ficha de avaliación do PAT para estudantado que se inicia no PAT*, en que se recolle as súas impresións sobre a utilidade do programa para a súa traxectoria formativa.

Para o estudantado con experiencia no PAT, a temporalización do programa será a mesma que a do curso académico que a Universidade establece e estará á demanda do/a estudante ou grupo de estudantado que o solicitar (*Ficha de seguimento de estudantado con experiencia no PAT*). En calquera caso, sería desexable que antes de remataren as clases académicas, o estudantado fixese a súa valoración sobre o PAT (*Ficha de avaliación de estudantado con experiencia*).

5. AVALIACIÓN

O modelo de avaliación polo que se opta é un modelo de avaliación compartido, froito do intercambio de experiencias entre o persoal titor co/a coordinador/a do centro.

Esta avaliación ten un dobre obxectivo:

1. Valorar a experiencia titorial no centro
2. Valorar o PAT

A nosa planificación e avaliación do PAT quere estimular os procesos colaborativos e de intercambio de experiencias na Universidade. Nesta dirección, desde a coordinación do centro e das reunións que desenvolvan co seu equipo de titores, detectadas as debilidades e fortalezas do centro, do estudantado, da docencia e da nosa función titorial, tomaranse conxuntamente, decisións e principios de actuación

que serán recollidos no documento para o persoal coordinador do centro: ***Memoria final do PAT na titulación.***

Este documento, xunto coas fichas de avaliación do profesorado titor e mais as fichas de avaliación do estudiantado, configurarán o **INFORME FINAL do PAT** que se enviará durante a última quincena de xuño, ao seguinte enderezo postal:

Á atención do PAT

Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa

Facultade de Socioloxía

Campus de Elviña, s/n

15071

A Coruña